



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingüística, comunicación e cognición

Materia	Lingüística, comunicación e cognición			
Código	V01G160V01905			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cabeza Pereiro, María del Carmen			
Profesorado	Cabeza Pereiro, María del Carmen			
Correo-e	cabeza@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	<p>A materia aborda aspectos relacionados coa comunicación e as linguas desde unha perspectiva socio-cognitiva e cultural.</p> <p>O presuposto de partida establece que a comunicación se proxecta nunha diversidade lingüística dobremente moldeada. Dun lado, polo cultural; doutro, polo mental ou cognitivo. Ambas, cultura e mente están en si mesmas retroalimentadas. Esta materia busca abrir nos estudantes unha nova forma de pensar a linguaxe e a comunicación.</p>			

Competencias de titulación

Código			
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.		
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.		
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación		
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.		
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado		
B5	Que o alumnado desenvólvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.		

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Capacitar ao alumnado para comprender lecturas especializadas de dificultade baixa ou media-baixa.	A6 A7 A13	B2 B3 B4 B5
Capacitar ao alumnado para distinguir os contidos esenciais dos contidos accesorios.	A6 A7 A13	B2 B3

Espertar no alumnado a capacidade de observación e reflexión sobre a incidencia do cognitivo no seu contorno comunicativo.	A6 A7	B3
Fomentar e consolidar o interese polo estudo das problemáticas que xeran os procesos comunicativos nos contornos sociais contemporáneos, aproveitando os coñecementos e a sensibilidade adquirida polo alumnado en materias de cursos anteriores (lingüística e análise do discurso, etc.).	A6 A7	B2 B3

Contidos

Tema	
Linguaxe, cognición e comunicación	Introdución. Panorama xeral e conceptos básicos
Linguas, cultura e cognición	A antropoloxía lingüística. Relatividade lingüística: Boas, Sapir, Whorf e a etnolingüística contemporánea. Linguas e visión do mundo. Linguaxe e poder. Oralidade e escritura
Universais e diversidade lingüística	En qué se parecen e en qué se diferencian as linguas? Implicacións da diversidade lingüística e dos universais para a cognición.
Linguaxe e conceptualización	Operacións cognitivas básicas e o seu reflexo no léxico e na gramática das linguas. A linguaxe figurada: Metáforas e metonimias conceptuais.
Os medios da linguaxe	Xestualidade e cognición. As linguas de sinais.
Cognición e adquisición da linguaxe	Desenvolvemento das destrezas lingüísticas e cognitivas. Caracterización xeral da linguaxe infantil

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	26	0	26
Traballos tutelados	0	58	58
Debates	4	4	8
Resolución de problemas e/ou exercicios	19	0	19
Probas de resposta curta	2	36	38

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión encamiñada a tomar contacto e a reunir información sobre o alumnado, avaliar o punto de partida e presentar a materia.
Sesión maxistral	Sesións destinadas a explicar os contidos teóricos e os fundamentos metodolóxicos esenciais de cada un dos temas, aclarando os conceptos-clave da materia.
Traballos tutelados	Realización dos traballos individuais que se propoñan durante o curso
Debates	Sesións prácticas destinadas a promover un foro de discusión para contrastar argumentos sobre unha temática previamente sinalada nas sesións teóricas. Cada sesión terá como base unha lectura básica, común para todo o alumnado
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade práctica na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Cada alumno/a deberá asistir ás sesións de atención personalizada programadas durante o curso co obxecto de resolver dúbidas (teóricas ou prácticas), e máis para orientar a realización dos traballos, preparar debates, etc.
Debates	Cada alumno/a deberá asistir ás sesións de atención personalizada programadas durante o curso co obxecto de resolver dúbidas (teóricas ou prácticas), e máis para orientar a realización dos traballos, preparar debates, etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Avaliase a calidade dos traballos de curso propostos, tendo en conta a competencia do alumnado no relativo á reflexión sobre conceptos teóricos e ao dominio das técnicas e mecanismos formais de redacción e exposición oral.	40
Debates	Preparación e participación activa nas sesións de debate que se propoñan ó longo do curso.	20

Resolución de problemas e/ou exercicios	Asistencia, seguimento e participación nas clases dedicadas a resolver os exercicios e os problemas propostos.	20
Probas de resposta curta	Realización de probas escritas específicas nas que se demostre coñecementos conceptuais.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

Prevense dúas posibilidades de avaliación: continua e única. A primeira, recomendada para todo o alumnado, prevé as actividades que se describen na táboa anterior. O alumnado que decida non acollerse a este tipo de avaliación fará un exame global de toda a materia, que coincidirá preferentemente cunha hora de clase da derradeira semana do cuadrimestre (15 ou 17 de decembro de 2014). Ao principio de curso debe escollerse o sistema a seguir.

Todo o alumnado que non supere a materia satisfactoriamente ao final do cuadrimestre terá unha segunda oportunidade na convocatoria final do mes de xullo. Tanto para os que opten pola avaliación continua coma para os que elixan avaliación única, esta segunda oportunidade constará dunha proba escrita sobre os contidos da materia, cunha parte conceptual e outra de razoamento e argumentación. Para os de avaliación continua non se terán en conta as cualificacións parciais obtidas durante o curso.

Agárdase de todo o alumnado o máximo rigor no respecto ás normas éticas do traballo. No caso de detectárense prácticas de copia e/ou plaxio, a penalización poderá supoñer o suspenso da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía introductoria

Altmann, Gerry T.M. (1999). *La ascensión de Babel. Una incursión en el lenguaje, la mente y el entendimiento*. Barcelona: Ariel.

Cuenca, Maria Josep & Joseph Hilferty (1999): *Introducción a la lingüística cognitiva*. Barcelona: Ariel.

Duranti, Alessandro (2000). *Antropología lingüística*. Madrid: Cambridge.

Inchaurralde, Carlos & Ignacio Vázquez (eds.) (2000). *Una introducción cognitiva al lenguaje y la lingüística*. Zaragoza: Mira.

McNeill, David (1992). *Hand and Mind. What gestures reveal about thought*. Chicago: The University of Chicago Press.

Palmer, Gary (2000). *Lingüística cultural*. Barcelona: Ariel.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

(*)/